



# A FOLLA DA CGT

Núm. 76 - 24 setembro 2021

## Xornadas abusivas en Carenas

Segundo a dirección, estase a realizar un control de permanencia nas instalacións mediante os tornos de acceso á factoría, para evitar que ningún traballador permaneza

máis de 70 horas semanais dentro e así salvaguardar os descansos mínimos legais (12 horas entre xornadas e 36 horas entre semanas).

O comité de Ferrol discutiu este tema coa empresa antes do covid, plantexándolle a necesidade de reducir o límite de 70 a 56 horas. A discusión quedou paralizada, pero non pola pandemia, senón porque se ía discutir como facelo a nivel de grupo.

Dende entón, nada máis soubemos deste tema, como de tantos outros que unha vez "escalados" a nivel de intercentros pasan a "durmir o sono dos xustos".

Con independencia da parálise dun tema que á **CGT** nos parece importante para **contribuír a evitar as xornadas abusivas**, temos que denunciar que nin sequera o control das 70 horas semanais se está realizando con eficacia, pois polo menos os traballadores de Tecman en Carenas están sendo obrigados a incumprilo sistematicamente dende hai algún tempo, con xornadas de 12 horas diarias (ou máis) de luns a domingo. Isto pon de manifesto, coma en tantos outros temas, a importancia da acción sindical e de non deixar en mans da empresa ningún labor de control.

## Visita do presidente

O presidente de Navantia reuniuse coa permanente de Ferrol este martes. Dixo fundamentalmente dúas cousas:

1) Non ve a construción do **dique para construción** comprometido. Alegou problemas para a súa amortización, dada a situación da carga de traballo. Ó argumento de que o dique podía facilitar conseguir carga, respostou que, até agora, non se perdera ningún contrato por non haber dique. A **CGT** díxolle que sería bastante penoso ter que perder contratos para que se constrúa.

2) As **F-110** comezarán en marzo. A **CGT** preguntoulle se ese comezo ía ser un comezo normal, ou ía ser un comezo a paso de tartaruga, ou se ían construír os bloques piloto e despois entrar nun compás de espera. O presidente trasladou a pregunta ó director, que dixo que en marzo se comezaría cos bloques piloto e que en xuño sería a CDR (Revisión Crítica do Deseño), e a partir de aí comezaría a construción masiva. Crerémolo cando o vexamos.

O luns, a **CGT** propuxo na permanente unha manifestación de toda a plantilla ata o CIS da Cabana, onde se ía inaugurar o CESENA (Centro de Excelencia do Sector Naval); ningún outro sindicato apoiouna. A CIG propuxo unha concentración da plantilla na porta; coa nosa proposta xa desbotada, a **CGT** apoiou a da CIG, pero foi minoritaria. A proposta maioritaria foi a de CCOO-MAS: pedirlle ó presidente unha **entrevista** e, se a concedía, listo; e se non concedía, unha mobilización no CIS, pero **só** de delegados.

A **CGT** considera un **erro** que non se aproveitase esta visita para volver a poñer no primeiro plano informativo a falla de carga de traballo e a dramática situación dos compañeir@s da IA que están no paro.



## Futuras convocatorias de ingresos

A **CGT** rexeitou as novas bases centrais aprobadas polo intercentros. Un dos motivos foi a limitación a 12 anos da antigüidade dos títulos nas prazas **júnior**. Foi un rexeitamento **sindical**.

Agora temos outro motivo: a nosa asesoría xurídica entende que dita limitación é **ILEGAL** porque vulnera a Constitución e os principios de igualdade, mérito e capacidade que deben respectar tódalas convocatorias de emprego **público**.

# Prazas de operarios-empregados sénior

Publicáronse as listas definitivas de admitid@s. O primeiro exame quedou fixado para a semana do 18-22 de outubro.

Navantia admitiu que unha persoa se inscribise en varias profesións. Pero notáselle moito que non ten interese en garantir que alguén poida finalmente realizar dous exames. Ou sexa, deu a posibilidade **teórica** de presentarse a varias profesións, pero agora quere impedilo **na práctica**. A isto sempre se lle chamou "quedar ben sen gastar un peso". Unha vez máis, RRHH demostra a súa total **falta de respecto** polos aspirantes.

De cara ó exame, a **CGT** propondrá estas tres medidas:

- Permitir que os candidat@s se leven unha folla coas súas **respostas**.
- Rematado o exame, publicar no portal de Emprego a resposta **correcta** a cada pregunta.
- Publicar a nota do baremo **desagregada** por conceptos.

Por outra banda, tras publicarse as listaxes definitivas, un electricista **non admitido** que reclamara **en tempo e forma** manifestou que si cumpría os requisitos. Revisouse o caso e tiña razón, polo que se modificou a listaxe no Portal de Emprego para incluílo. Tódolos sindicatos aceptámolo. A **CGT** deixou claro que, se aparecese outro erro similar, **tamén** haberá que corrixilo.

## CONCENTRACIÓN POLAS PENSIONES PRESENTES E FUTURAS

EXIXIMOS CLARIDADE, POR  
UNHA AUDITORÍA DAS CONTAS  
DA SEGURIDADE SOCIAL

\* NON AO PACTO DE TOLEDO,  
NON Á PRIVATIZACIÓN DAS  
PENSIONES.

\* NA DEFENSA DO SISTEMA  
PÚBLICO DE PENSIONES.

\* NA DEFENSA DE TODOS OS  
SERVIZOS PÚBLICOS.

**PARTICIPA !!**

Convoca e Organiza

PLATAFORMA  
DE FERROLTERRA  
PARA A DEFENSA  
DAS PENSIONES  
PÚBLICAS



Sábado  
**25**  
Setembro

ás 12

No  
Cantón  
Ferrol

## 'Sodes moi bos e temos beneficios, pero pechamos'

Estas foron as palabras con que un directivo da multinacional Vestas comunicoulle antonte ós 115 traballador@s que pechan a planta de Viveiro.

Hai unhas semanas, un empresario vasco denunciado por obrigar a traballadores sen papeis a facer xornadas de 26 horas (7 da mañá a 9 da mañá do día seguinte) aínda tivo máis que dicir e declarou que era por facerlles un favor. A clase empresarial, como a dereita política, está desatada. Xa non disimulan. Pechan porque así obterán máis beneficios.

Tamén antonte os traballador@s de Alcoa anunciaron que o vindeiro luns retomarán a folga indefinida, tras valorar que o último ano foi **tempo perdido**. Ambolos casos son dúas probas máis de que a única alternativa é cuestionar a lexitimidade capitalista, cuestionar o dereito dos empresarios a sacrificar traballador@s no altar dos beneficios privados.

Só a loita **de clase** dos traballador@s, **ocupando** as empresas e esixindo a súa **expropiación**, logrará cambiar a realidade actual. Crearlle ós traballador@s falsas esperanzas en que o futuro depende de declaracións institucionais non deixa de ser outra forma de enganalos.

## Enquisa #CompromisoNavantia

O vindeiro luns, os traballador@s de Navantia recibiremos no noso correo corporativo unha enquisa para que "en total **confidencialidade** (...) expresemos as nosas **inquietudes** (...) **motivacións**". Con ela, "**entre todos deseñaremos e executaremos plans**" que nos permitirán "seguir traballando na **evolución cultural de Navantia**".

Esta enquisa forma parte dunha intensa campaña de propaganda, interna e externa, para dar imaxe de empresa moderna, afastada dos vellos métodos "tralleiros", e que ten en conta a cada traballador/a.

Pero a mesma dirección de RRHH que impulsa esta campaña viola o convenio, converteu o proceso de novas incorporacións nun circo, non publica o escalafón dende 2016, deixou a un traballador de novo ingreso sen salario os días de baixa médica, impide o movemento de traballadores a outros departamentos/centros ou funcións, mentres obriga a outros segundo criterios caprichosos... Como para fiarse de que a enquisa será confidencial!

Por suposto que dende a **CGT** chámamos a **non participar** nesta enquisa. Pero sobre todo é necesario que o comité de empresa denuncie a **hipocrisía** destas campañas, que custan unha pasta e cuxo obxectivo real é vestir con pel de año ó mesmo lobo de sempre.



**Contacta connosco:**

Teléfono Interior: 1213  
Telf. Exterior: 981 33 12 13  
Telf. Móbil: 623 044 900

cgt.fe@navantia.es  
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org

Séguenos e comparte info nas RRSS:

